



C O N C E L L O
D E
FORNELOS DE MONTES
(PONTEVEDRA)

BANDO

**D. EMILIANO LAGE RODRÍGUEZ,
ALCALDE DO CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES,
FAI SABER:**

Os incendios acaecidos no pasado obrigan á Xunta de Galicia a esixir dos Concellos e dos veciños propietarios de terreos situados a menos de 50 metros de solos de núcleos rurais ou de solo urbano ou de edificacións illadas, que sen dilacións, realicen as tarefas de limpeza, poda e, no seu caso tala de árbores.

Nos planos do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais do Concello de Fornelos de Montes publicados na páxina web do concello (www.fornelos.gal), sinalase en cor verde a franxa de terreos afectados por esta obriga de mantelos limpos de vexetación e cuxos propietarios enfrontanse a importantes multas e a pagar o custe da execución subsidiaria pola administración en caso de incumprimento.

A lexislación aplicable ven recollida nos artigos que se citan da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. «DOG» núm. 74, de 17 de abril de 2007 «BOE» núm. 119, de 18 de maio de 2007. En concreto aplicase o seguinte, disposto nos artigos 21 e disposición adicional terceira desta lei:

“Artigo 21. Redes secundarias de faixas de xestión de biomasa: Será obrigatorio para as persoas que resulten responsables xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados en dita lei e na súa normativa de desenvolvemento, nunha franxa de 50 metros:

- a) Perimetral ao solo urbano, de núcleo rural e urbanizable.
- b) O redor das edificacións, vivendas illadas, parques e instalacións industriais situados a menos de 400 metros del monte.
- c) O redor das edificacións illadas en solo rústico situadas a mais de 400 metros do monte.

2. Con carácter xeral, na mesma franxa de 50 metros antes mencionada non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira.

En resume: Pino galego, pino do país, pino silvestre, pino de Monterrey, pino de Oregón, mimosa, acacia negra, eucalipto, brecina, carqueixa, retama, brezo, piorno, fento, zarza e toxo.

En todo caso, poderanse conservar árbores das especies sinaladas en caso de tratarse de árbores singulares, ou aqueles que cumpran funcións ornamentais ou se atopen illados e non supoñan un risco para a propagación de incendios forestais como castaños, carballos, e frondosas caducifolias.

Fornelos de Montes, 18 de maio de 2020

